UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Praza número: 15/3024* *Número de prazas: 1*

*Categoría: Axudante doutor/a* *Dedicación: TEMPO COMPLETO (TC)*

*Área de coñecemento: Organización de Empresas*

*Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas*

*Docencia: 650G01003 Economía da Empresa: Función Organizativa*

*611G01008 Economía da Empresa: Dirección e Organización*

*492015 A Simulación como Ferramenta de Deseño de Políticas de RRHH*

*Centro: Facultade de Economía e Empresa*

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do día 13/10/2015.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./Dª. MARÍA DOLORES SÁNCHEZ FERNÁNDEZ**.

Contra a presente resolución, de conformidade co disposto no art. 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán as persoas interesadas interpor, potestativamente, un recurso de reposición perante esta Reitoría no prazo dun mes, ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, na forma e nas condicións previstas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, que se contan ambos a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.

A Coruña, 16/10/2015

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GPIEBB9CM5RHNN1B088CA0DU
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de A Coruna. Fecha de creación: 20/10/2015 14:07:11 Página 1 de un total de 7 página(s).

Vicerreitoría de Profesorado
e Planificación Docente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Gustavo Rego Veiga, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

**CERTIFICO:**

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida os día 13 de outubro de 2015, tomou os seguintes acordos en relación coas reclamacións presentadas nas prazas que se relacionan a continuación,

**Praza 15/3004**
**Categoría:** Contratado/a Interino/a de Substitución **Dedicación:** Parcial (P06)
**Área de coñecemento:** Zooloxía
**Departamento:** Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía
**Centro:** Facultade de Ciencias

**ACORDOS:**

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **dona Lucía Couceiro López** e o informe da comisión de selección da praza, acordan ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeitar a reclamación presentada. Ademais, acórdase solicitar á comisión de selección que actualice as puntuacións tendo en conta as modificacións recollidas no seu informe do 8 de outubro, e elabore a proposta de asignación da praza coas puntuacións revisadas.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección e a nova puntuación dos/as concursantes a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

**Praza 15/3011**
**Categoría:** Contratado/a Interino/a de Substitución **Dedicación:** Parcial (P05)
**Área de coñecemento:** Economía Financeira e Contabilidade
**Departamento:** Economía Financeira e Contabilidade
**Centro:** Facultade de Economía e Empresa

**ACORDOS:**

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **don Francisco Jesús Ferreiro Seoane** e o informe da comisión de selección da praza acordan:

- Con respecto ao punto PRIMEIRO da reclamación relativo á introdución dun "*coeficiente para ponderar o concepto baremado en función da afinidade á área*", ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeitar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto SEGUNDO da reclamación relativo á puntuación recibida en cada bloque, ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeitar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto TERCEIRO do informe da comisión de selección de data 6 de outubro relativa á "*intención de engano na exposición de méritos*", manifestan que a comisión de reclamacións non ten competencias para facer unha valoración sobre a autoría dun artigo.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.



Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GPIEBB9CM5RHNN1B088CA0DU
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de A Coruna. Fecha de creación: 20/10/2015 14:07:11 Página 2 de un total de 7 página(s).

**Praza 15/3012**
**Categoría:** Contratado/a Interino/a de Substitución **Dedicación:** Parcial (P04)
**Área de coñecemento:** Economía Financeira e Contabilidade
**Departamento:** Economía Financeira e Contabilidade
**Centro:** Facultade de Economía e Empresa

**ACORDOS:**

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **don Francisco Jesús Ferreiro Seoane** e o informe da comisión de selección da praza acordan:

- Con respecto ao punto PRIMEIRO da reclamación relativo á introdución dun "*coeficiente para ponderar o concepto baremado en función da afinidade á área*", ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeitar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto SEGUNDO da reclamación relativo á puntuación recibida en cada bloque, ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeitar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto TERCEIRO do informe da comisión de selección de data 6 de outubro relativa á "*intención de engano na exposición de méritos*", manifestan que a comisión de reclamacións non ten competencias para facer unha valoración sobre a autoría dun artigo.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

**Praza 15/3024**
**Categoría:** Axudante doutor/a **Dedicación:** Tempo Completo
**Área de coñecemento:** Organización de Empresas
**Departamento:** Análise Económica e Administración de Empresas
**Centro:** Facultade de Economía e Empresa

**ACORDOS:**

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **don Francisco Jesús Ferreiro Seoane** e o informe da comisión de selección da praza, acordan ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeitar a reclamación presentada.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección e a nova puntuación dos/as concursantes a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.



**Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GPIEBB9CM5RHNN1B088CA0DU**
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de A Coruna. Fecha de creación: 20/10/2015 14:07:11 Página 3 de un total de 7 página(s).

**Praza 15/3033**
**Categoría:** Axudante doutor/a **Dedicación:** Tempo Completo
**Área de coñecemento:** Didáctica das Ciencias Sociais
**Departamento:** Didácticas Específicas
**Centro:** Facultade de Ciencias da Educación

**ACORDOS:**

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **dona María Raquel Vázquez Ramil** e o informe da comisión de selección da praza acordan:

- Con respecto ao punto da reclamación relativo á constitución da comisión de selección da praza, ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeitar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto da reclamación relativo á valoración da docencia impartida en centros adscritos, ratificar a decisión da comisión de selección por axustarse á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), e considera que esta reclamación tería que terse presentado noutras instancias.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 14 de outubro de 2015



Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GPIEBB9CM5RHNN1B088CA0DU
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de A Coruna. Fecha de creación: 20/10/2015 14:07:11 Página 4 de un total de 7 página(s).

***Praza número:*** **15/3024** ***Número de prazas:*** **1**

***Categoría:*** **Axudante doutor/a** ***Dedicación:*** **TEMPO COMPLETO (TC)**
***Área de coñecemento:*** **Organización de Empresas**
***Departamento:*** **Análise Económica e Administración de Empresas**
***Docencia:*** **650G01003 Economía da Empresa: Función Organizativa**
**611G01008 Economía da Empresa: Dirección e Organización**
**492015 A Simulación como Ferramenta de Deseño de Políticas de RRHH**
***Centro:*** **Facultade de Economía e Empresa**

## INFORME DA COMISIÓN

O 2 de outubro de 2015, as 10 h. reúnese a comisión xulgadora da praza número: 15/3024, de Axudante doutor/a da Área de coñecemento: Organización de Empresas do Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas para impartir docencia na Facultade de Economía e Empresa. O presidente, Anxo Calvo, e substituído por Antonio García Lorenzo, por resolución reitoral de data 29 de setembro de 2015, quedando, así constituída polos membros que se relacionan:

Presidente: Antonio García Lorenzo (substitución a Anxo Calvo)
Secretario: María Isabel Novo Corti
Vogal 1º: Rafael M. García Rodríguez
Vogal 2º: Alejandro García del Valle
Vogal 3º: Moisés Alberto Garcia Núñez
Rep. Trab. (s/voto): María Mercedes Teijeiro Álvarez

Analizada a reclamación presentada por D. Francisco Jesús Ferreiro Seoane a comisión emite informe sobre ás consideracións do reclamante con acordo aos seguintes argumentos:

**PRIMEIRA:**
A comisión non concorda coa apreciación do reclamante, xa que logo, as puntuacións outorgadas pola Comisión de Selección axústanse estritamente á aplicación da Normativa que regula o procedemento, aprobada por el Consello de Goberno de la UDC de 30.04.2014, aplicando os coeficientes ponderadores establecidos, que foron publicados previamente ao inicio da valoración dos expedientes, tal como é preceptivo.

**SEGUNDA:**
**A) BLOQUE II: FORMACIÓN ACADÉMICA DE POSTGRADO**
**Apartado II.1**
Segundo o Anexo I da Normativa procédese a valorar os estudos de doutoramento do reclamante con 8 puntos, sen aplicar coeficiente corrector (é dicir, multiplícase por 1) por ausencia da implicación da área nunha porcentaxe moi relevante na docencia do programa, segundo esixe a normativa.

Dado que a apreciación do reclamante afecta tamén á outra candidata, procédese a valorar con 6,93 puntos á María Dolores Sánchez Fernández, non procedendo a aplicación de coeficiente correcto (é dicir, multiplícase por 1).

**Apartado II.3**
Ao recurrente xa se lle valoraron os dous únicos cursos de postgrao universitario que presenta.

**Apartado II.4**
A valoración dos idiomas só se considerou si se presenta certificación por organismo acreditado (Escola oficial de Idiomas, Cambridge, etc..), para ser tido en conta como "diploma oficial", de acordo coa normativa, o candidato no aporta ningún certificado deste tipo. O candidato acredita o nivel Celga 4, avaliado con 2,5 puntos. Entre os cursos de formación recibidos, avaliáronse os "cursos de formación docente universitaria".

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GPIEBB9CM5RHNN1B088CA0DU
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de A Coruna. Fecha de creación: 20/10/2015 14:07:11 Página 5 de un total de 7 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

***Praza número:*15/3024** ***Número de prazas:* 1**

***Categoría:* Axudante doutor/a** ***Dedicación:* TEMPO COMPLETO (TC)**
***Área de coñecemento:* Organización de Empresas**
***Departamento:* Análise Económica e Administración de Empresas**
***Docencia:* 650G01003 Economía da Empresa: Función Organizativa**
**611G01008 Economía da Empresa: Dirección e Organización**
**492015 A Simulación como Ferramenta de Deseño de Políticas de RRHH**
***Centro:* Facultade de Economía e Empresa**

**B) BLOQUE III: EXPERIENCIA DOCENTE**

Como consideración xeral á valoración deste bloque III, a comisión optou por acollerse á normativa, que sinala "As puntuacións dos apartados III.1 a III.6 poderán multiplicarse por un coeficiente entre 0 e 1 segundo a súa afinidade á área". Este criterio foi publicado debidamente nos criterios de valoración e aplicado a todos os candidatos por igual. No apartado III.2 valoráronse os TFGs relacionados coa docencia na área. No apartado III.6 non acredita avaliación no programa Docentia. No apartado III.7 valoráronse os méritos relacionados coa área, no ámbito universitario, acorde coa normativa.

**C) BLOQUE IV. PRODUCIÓN INVESTIGADORA**

Se lle valoraron doce artigos relacionados coa área, publicados en revistas indexadas (todas elas equivalentes a 1,5 puntos, segundo a normativa), coa máxima ponderación (multiplicados por 3).

Se lle valoraron nove libros publicados (6 puntos por libro, que é o máximo establecido pola normativa) e seis capítulos de libros (1 punto por capítulo, que é o máximo establecido pola normativa), relacionados coa área coa máxima puntuación.

**D) BLOQUE V: EXPERIENCIA INVESTIGADORA**

No apartado 2 deste bloque non se lle valoran as estancias realizadas por non acadar a duración mínima establecida pola normativa (catro semanas realizadas de forma continua). No apartado 4.1 non se poden valorar ningunha das aportacións por non cumprir os requisitos da normativa (réxime de publicidade e concorrencia competitiva). No apartado 7 consideráronse como outros méritos o ser avaliador de dúas publicacións científicas (0,25 cada unha).

**E) BLOQUE VI. ACTIVIDADE PROFESIONAL RELACIONADA COA PRAZA, FÓRA DO ÁMBITO ACADÉMICO UNIVERSITARIO**

No apartado 1, actividade profesional, valoráronse os postos relacionados coa área.

## RESUMO

Tendo en conta todo o antedito, a puntuación resultante para os dous aspirantes, queda como se reflicte no documento anexo

A Coruña, 5 de Outubro de 2015

Vº. e Pr.
O presidente,
(PD. RR. 29/09/2015)

O secretario,

Antonio García Lorenzo (substituto)

Isabel Novo-Corti

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GPIEBB9CM5RHNN1B088CA0DU
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de A Coruna. Fecha de creación: 20/10/2015 14:07:11 Página 6 de un total de 7 página(s).

**Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: GPIEBB9CM5RHNN1B088CA0DU**
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de A Conuna. Fecha de creación: 20/10/2015 14:07:11 Página 7 de un total de 7 página(s).

# PUNTUACIÓNS OUTORGADAS AOS CONCURSANTES

**Categoría da praza:** AXUDANTE DOUTOR/A

**Indique o número de concurso:** 15/3024

| | Bloque I | | | Bloque II | | | | | | Bloque III | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Concursante | 1 | 2 | 3 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| FERREIRO SEOANE FRANCISCO JESÚS | 61,04 | 0,00 | 0,00 | 8,00 | 25,00 | 3,00 | 10,73 | 0,00 | 0,00 | 0,72 | 1,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,15 |
| SÁNCHEZ FERNÁNDEZ MARÍA DOLORES | 58,56 | 0,00 | 0,00 | 6,93 | 35,00 | 4,31 | 25,45 | 0,00 | 4,88 | 31,20 | 7,75 | 0,10 | 0,00 | 4,00 | 0,00 | 2,50 |
| *Puntuación máxima acadada* | *61,04* | *0,00* | *0,00* | *8,00* | *35,00* | *4,31* | *25,45* | *0,00* | *4,88* | *31,20* | *7,75* | *0,10* | *0,00* | *4,00* | *0,00* | *2,50* |

| | Bloque IV | | | | | | | | | Bloque V | | | | | | | | Bloque VI | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Concursante | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 1 | 2 | 3 | 4.1 | 4.2 | 5 | 6 | 7 | 1 | 2 |
| FERREIRO SEOANE FRANCISCO JESÚS | 17,63 | 54,00 | 0,00 | 60,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 4,00 | 0,00 | 8,00 | 4,00 | 0,50 | ##### | 7,50 |
| SÁNCHEZ FERNÁNDEZ MARÍA DOLORES | 39,38 | 99,00 | 0,00 | 9,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 1,00 | 0,00 | 8,00 | 21,00 | 0,50 | 3,76 | 0,00 |
| *Puntuación máxima acadada* | *147,38* | | | | | | | | | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *4,00* | *0,00* | *8,00* | *21,00* | *0,50* | *####* | *7,50* |

**Puntuacións normalizadas**

| | Bloque I | | | Bloque II | | | | | | Bloque III | | | | | | | Bloque IV | Bloque V | | | | | | | | Bloque VI | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Concursante | 1 | 2 | 3 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 1 | 1 | 2 | 3 | 4.1 | 4.2 | 5 | 6 | 7 | 1 | 2 |
| FERREIRO SEOANE FRANCISCO JESÚS | 61,04 | | | 8,00 | 25,00 | 3,00 | 5,06 | | | 0,72 | 0,97 | | | | | 0,15 | 89,31 | | | | 4,00 | | 8,00 | 0,38 | 0,50 | 85,00 | 7,50 |
| SÁNCHEZ FERNÁNDEZ MARÍA DOLORES | 58,56 | | | 6,93 | 35,00 | 4,31 | 12,00 | | 4,88 | 31,20 | 7,50 | 0,10 | | 4,00 | | 2,50 | 100,00 | | | | 1,00 | | 8,00 | 2,00 | 0,50 | 2,96 | |

**PUNTUACIÓNS TOTAIS PONDERADAS**

| Concursante | Bloque I | Bloque II | Bloque III | Bloque IV | Bloque V | Bloque VI | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FERREIRO SEOANE FRANCISCO JESÚS | 9,16 | 6,16 | 0,64 | 13,40 | 1,93 | 4,63 | 35,91 |
| SÁNCHEZ FERNÁNDEZ MARÍA DOLORES | 8,76 | 9,47 | 15,86 | 15,00 | 1,73 | 0,15 | 50,98 |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | [illegible] | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | [illegible] | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | [illegible] | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | [illegible] | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | [illegible] | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |
| | [illegible] | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | |

Data: 5 de outubro de 2015

O Presidente (P.D.RR. 29/09/2015)

Asdo.: Antonio García Lorenzo (substituto)

O Secretario

Asdo.: Isabel Novo Corti